

Alfonso Rueda Valenzuela  
Secretario Xeral  
Coordinador de Campaña



D. Manuel Vázquez Fernández  
Secretario Xeral do PSdeG-PSOE  
Rúa do Pino, 1-9 baixos  
15704 – Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2012

Estimado Secretario Xeral:

Acuso recibo da súa carta dirixida ao Presidente da Xunta *en funcións (sic)*, que me foi trasladada desde o Gabinete da Presidencia da Xunta na miña condición de Coordinador de Campaña do Partido Popular de Galicia, tendo en conta que o obxecto da súa comunicación se centra en cuestións vinculadas coas candidaturas ás vindeiras eleccións autonómicas, cuestións estas da exclusiva competencia das formacións políticas.

Permítame precisarlle a título meramente informativo que, de acordo co disposto no artigo 17 do Estatuto de Autonomía para Galicia, “a Xunta cesa trala celebración das eleccións ao Parlamento galego, nos casos de perda de confianza parlamentaria, dimisión e falecemento do seu presidente”, e “a Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta”. Polo tanto, o Presidente da Xunta atópase no pleno exercicio do seu cargo ata a data de celebración das eleccións ao Parlamento, fixada para o vindeiro 21 de outubro.

Así mesmo, agradeceríalle que, co fin de evitar confusións e manter a separación escrupulosa entre asuntos de Goberno e de Partido que ten marcado a actuación da Presidencia da Xunta nesta lexislatura, as vindeiras comunicacións a este respecto sexan remitidas directamente á sede do Partido Popular de Galicia.

En relación co contido da súa carta, agrádame comprobar que vostede acepta a proposta formulada o pasado xoves polo sr. Núñez Feijóo sobre



a celebración de debates a dous entre os candidatos das formacións políticas con representación parlamentaria.

Neste senso, e co fin de poder avanzar na negociación de todos os detalles vinculados ao desenvolvemento destes debates, prégoles me indique a persoa responsable por parte do PSdeG-PSOE para poder poñerme en contacto con ela e iniciar canto antes estas conversas.

Reciba un cordial saúdo.